

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 20 de xullo de 2009 pola que se convocan cursos para o persoal da Rede de Bibliotecas de Galicia en colaboración coa Consellería de Cultura e Turismo.

Dentro do programa de actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para o ano 2009, están previstas diversas actuacións que se realizarán en colaboración coa Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura.

De conformidade co artigo 6.3º da Lei 4/1987, do 27 de maio, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo.

RESOLVO:

Convocar os quince cursos que figuran no anexo II desta resolución, dirixidos a persoal da Rede de Bibliotecas de Galicia, correspondente ao segundo semestre do ano 2009 cuxas bases, características e contido son detallados nos anexos desta resolución.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2009.

Pablo Figueroa Dorrego
Director da Escola Galega de Administración
Pública

ANEXO I Bases

1ª Requisitos dos participantes.

Poderán participar nas accións formativas convocadas por esta resolución os empregados públicos e as empregadas públicas destinados na Rede de Bibliotecas de Galicia que se atopan en situación de servizo activo ou excedencia polo coidado dun fillo ou dun familiar e que reúnan os requisitos establecidos para cada un dos casos no anexo II.

Toda persoa solicitante que ao inicio do curso se atope en situación de baixa laboral por incapacidade temporal quedará automaticamente excluída da listaxe do persoal seleccionado.

2ª Acceso ás actividades, datas e lugares de realización.

Poderá participar o persoal que cumpra os requisitos específicos e as preferencias exixidas para cada curso no anexo II. A participación nos cursos que teñan lugar en horario de traballo quedará condicionada á autorización das persoas responsables dos centros directivos.

Os cursos realizaranse coa duración e condicións que para cada un deles se indican no anexo II. A información será actualizada e ampliada na páxina web da Consellería de Cultura e Deporte (<http://culturaedeporte.xunta.es>) e no portal da Rede de Bibliotecas (<http://www.rbgalicia.org>).

Esta convocatoria estrutúrase en accións formativas de carácter xeral e específicas, referidas todas elas ás seguintes áreas: dirección e xerencia pública, economía e finanzas, recursos humanos, recursos materiais e tecnolóxicos, procesos de traballo, normativa e organización autonómica, específicas do sector competencial, idioma, coñecementos transversais e outros. As

accións formativas de carácter xeral teñen por obxecto ofrecer un currículo básico horizontal que capacite os empregados públicos para realizar funcións e tarefas en calquera posto de traballo ao longo da súa carreira profesional. Correspóndese con funcións, coñecementos e habilidades que son xenéricas e constitúen as bases da organización e o funcionamento da Administración. As accións formativas específicas comprenden o conxunto de actividades formativas cuxo obxectivo está directamente relacionado coa adaptación permanente ao posto de traballo que se desempeña e que inclúen contidos basicamente sectoriais que afectan competencias específicas.

3ª Solicitudes.

a) O persoal que desexe participar nos cursos convocados nesta resolución deberá cubrir o formulario de matrícula telemática na páxina web da EGAP <<http://egap.xunta.es>>, de acordo co disposto na base 4ª desta resolución, non se admitirán outros modelos de solicitude. Faise recomendable facilitar conta de correo electrónico e teléfono móbil para enviar mensaxes aos candidatos.

b) A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado, así como á imposibilidade de participar en ningún outro curso durante o prazo dun ano computado desde o momento en que se detecte o feito.

c) Serán excluídas automaticamente aquelas solicitudes que non teñan cubertos correctamente os datos necesarios para realizar o proceso selectivo do alumnado, non se axusten ao formulario de solicitude oficialmente establecido na alínea anterior ou sexan presentadas fóra de prazo.

d) As persoas solicitantes de cursos de teleformación deberán dispor dun equipamento informático que cumpra os seguintes requisitos técnicos:

-Ordenador con conexión á internet.

-Calquera navegador web co plugin de flash.

-Conta de correo electrónico especificada na solicitude.

e) As solicitudes cubertas adecuadamente de acordo coa base 4ª entenderanse presentadas na EGAP no enderezo da internet <http://egap.xunta.es/matricula> unha vez que se complete correctamente o proceso de matriculación. No caso de que os interesados necesiten presentar documentación complementaria que acredite circunstancias específicas de acordo cos criterios de selección, poderán remitir á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural unha copia do formulario de matrícula e a devandita documentación por fax ao número 981 54 50 65, sempre coa maior celeridade posible para que poida ser tida en conta na selección, sen prexuízo do dereito á presentación de acordo co disposto no artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

f) Deberá utilizarse exclusivamente unha das modalidades de remisión. No caso de se encontraren varias solicitudes dunha mesma persoa só serán considerados os datos recibidos a través da internet.

g) O prazo de presentación de solicitudes rematará o 7 de agosto de 2009.

4ª Formulario normalizado de solicitude.

a) Os formularios de solicitude a que se refire a base anterior serán cubertos pola persoa solicitante necesariamente a través da aplicación informática de matrícula en liña da Escola Galega de Administración Pública, que poden encontrar no enderezo da internet <<http://egap.xunta.es/matricula>>.

b) Para cubrir correctamente os formularios de solicitude, no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polas persoas solicitantes.

c) Os formularios poderán ser obtidos e cubertos ata as 14.00 horas da data de finalización dos prazos de presentación de solicitudes.

d) En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información poderán dirixirse á EGAP a través do número de teléfono 981 54 63 40, ou fax: 981 54 63 30 ou enderezo de correo electrónico <matricula.egap@xunta.es>, que adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación de solicitudes.

5ª Criterios de selección.

a) Os criterios selectivos que serán empregados son:

1. Que exista unha relación directa entre as tarefas que realiza o solicitante no desempeño do seu traballo e a materia ou materias obxecto do curso.

2. O menor número de cursos realizados en escolas ou institutos da Administración durante os últimos dous anos.

3. A antigüidade, como tal entenderase o tempo transcorrido desde a data de ingreso na Administración pública.

4. No caso de vacantes, poderán cubrirse as prazas con titulados universitarios en biblioteconomía e/ou documentación, historia, filoloxía ou humanidades.

5. Para atender as necesidades formativas dos bolsellos da EGAP e da Rede de Bibliotecas de Galicia poderán reservarse ata un 10% do total das prazas convocadas en cada curso.

En todo caso, con carácter supletorio, serán aplicables os sinalados con carácter xeral na resolución da Escola Galega de Administración Pública do 4 de xaneiro de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* nº 7, do 10 de xaneiro) e, de ser o caso, os criterios específicos que se establezan para cada acción formativa sinalados no anexo II.

b) Os solicitantes, ademais da solicitude de matrícula, deberán presentar á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural un certificado expedido polo responsable de persoal do organismo de que depende, no cal se indique a situación profesional deste e mais as tarefas que desempeña.

Para o resto dos peticionarios, o requisito para poder presentarse é ser diplomado ou licenciado universitario en biblioteconomía e/ou documentación, historia, filoloxía ou humanidades.

Esta documentación acreditativa para a admisión nos cursos deberá ser enviada ao fax 981 54 50 65, sempre coa maior celeridade posible para que poida ser tida en conta na selección, sen prexuízo do dereito á presentación de acordo co disposto no artigo

38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Unha vez admitidos, a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural poderá solicitarlles aos seleccionados a presentación do orixinal ou fotocopia compulsada dos méritos alegados, que deberán entregar nun prazo non superior aos dez días.

c) Así mesmo, poderá ser solicitado o asesoramento de profesores na materia dos cursos cando sexa conveniente para unha mellor selección e a homoxeneización do grupo de alumnos, para o que poderán ser establecidas probas previas de nivel.

d) No caso de que non haxa un suficiente número de solicitantes que cumpran os requisitos nalgún curso, poderá completarse o número de alumnos asignados a eles mediante a apertura dun novo prazo público na páxina web da EGAP, con suficiente antelación para que teña lugar unha adecuada selección das novas persoas candidatas.

6ª Publicación das relacións do persoal seleccionado.

a) A Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural fará público na páxina web da consellería (<http://culturae deporte.xunta.es>) e no portal da Rede de Bibliotecas (<http://www.rbgalicia.org>), unha relación provisional das persoas seleccionadas para participar en cada curso, así como un número axeitado de reservas. Ademais, para unha maior difusión serán informados da súa selección a través do correo electrónico e mensaxe telefónica a quen facilite os seus datos na solicitude. As persoas que non figuren na relación é que non foron seleccionadas, polo que ocupan un posto máis afastado na lista de reservas, ou ben foron excluídas por algunha das razóns expresadas nas bases da convocatoria, todo isto de acordo co disposto no artigo 59.6.b da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) A Consellería de Cultura e Deporte solicitará, se é o caso, ao centro directivo en que está adscrito a persoa preseleccionada ou á xefatura de persoal da entidade correspondente a documentación acreditativa da veracidade dos datos contidos na solicitude así como a certificación de que a materia do curso ten relación co posto de traballo.

c) O persoal preseleccionado só poderá renunciar ao curso por causa de forza maior suficientemente xustificada, necesidade do servizo ou outras causas xustificadas sempre que así o acredite documentalmente a persoa responsable do departamento administrativo en que desenvolva o seu labor ou a través dun documento que acredite o feito alegado. A renuncia debe ser comunicada por escrito ao fax 981 54 50 65 cunha antelación de tres días hábiles anteriores ao inicio do curso co fin de cubrir a vacante. A renuncia non xustificada, ou non acreditar documentalmente a causa que a produce, suporá a exclusión do seleccionado nas convocatorias durante o prazo dun ano contado desde a data de finalización do curso, de acordo co disposto na Resolución do 4 de xaneiro de 2008 pola cal se actualizan os criterios de participación nas actividades docentes da Escola Galega de Administración Pública.

d) A Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural publicará con anterioridade ao comezo do curso a través da páxina web da consellería (<http://culturaedeporxe.xunta.es>) e do portal da Rede de Bibliotecas (<http://www.rbgalicia.org>) a listaxe definitiva de admitidos ao curso. A persoa seleccionada deberá comunicarlle á persoa responsable do seu centro directivo a selección na actividade en caso de coincidir co horario de traballo, pois neste suposto deberá contar coa súa autorización, que terá que presentarlle ao comezo do curso ao responsable da actividade formativa. Por necesidades do servizo ou causas debidamente motivadas poderá negarse a asistencia ao curso, circunstancia que debe ser comunicada á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural.

e) Non serán admitidos en ningún caso cambios ou substitucións entre as persoas seleccionadas.

7ª Asistencia aos cursos.

Durante a celebración das actividades formativas levarase un control permanente de asistencias a través dos sistemas que se establezan para o efecto e, así mesmo, constarán como incidencia as ausencias dentro de cada sesión. Isto implica que o persoal que participe nos cursos terá que anotar a hora de chegada ou saída, no caso de facelo durante a duración oficial do curso, para poder acreditar o tempo que faltou. De non facelo así e realizarse un control de asistencia extraordinario, perderá o dereito a recibir o certificado.

8ª Certificados.

a) Outorgaráselle o correspondente certificado de asistencia ao alumnado que participe con regularidade e dedicación no desenvolvemento dos cursos. Para os efectos de avaliar os coñecementos adquiridos polo alumnado, a EGAP poderá fixar a realización das probas que considere oportunas.

b) Outorgaráselle certificado de aproveitamento ao alumnado dos cursos cando así o regule a convocatoria e requirirá como mínimo cumprir o control de asistencia establecido na actividade, desenvolvemento e avaliación da aprendizaxe mediante diferentes instrumentos segundo a actividade, e superación do sistema de avaliación axeitado a cada actividade do cal se terá coñecemento antes do comezo da actividade formativa. En caso de non superar as probas tampouco se facilitará certificado de asistencia.

c) É obrigatoria a asistencia con puntualidade a todas as sesións dos cursos. Unicamente poderá autorizarse a ausencia por causas xustificadas, que se acreditará documentalmente ante o servizo competente da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural ou a persoa responsable do curso nun prazo máximo de 10 días despois de que este finalice e que, en ningún caso, poderá superar o 15% das horas lectivas. A ausencia aínda xustificada superior ao 15% do total das horas lectivas suporá a perda do dereito á expedición do diploma.

d) A falta de asistencia dun número de horas superior ao 15% das horas lectivas sen xustificación ou a falta de acreditación documental da causa alegada determinará non só a perda do dereito ao certificado acreditativo da participación no curso senón que os participantes poderán ser excluídos das convocatorias

das actividades formativas da EGAP durante o prazo dun ano contado desde a finalización do curso.

e) Para poder superar os cursos de teleformación é necesario cumprir unha serie de requisitos obrigatorios na súa totalidade:

-Asistencia á sesión presencial de apertura, se a houber.

-Adecuada realización das actividades que o titor ou a titora propoña. Estas deben constar como aprobadas nos prazos que estipulen as titorías.

-Lectura detallada dos contidos do curso. Cada curso ten uns contidos teóricos que deben ser revisados na plataforma. En cada curso estimarase un tempo mínimo de seguimento homoxéneo nos contidos materiais que será comunicado polas titorías ao seu inicio.

O alumnado deberá superar unha proba final, de carácter presencial, que terá lugar nas dependencias da EGAP. Para poder obter o diploma é necesario obter un aprobado nesa proba e cumprir os demais requisitos con anterioridade.

f) Para que quede coñecemento e constancia no seu expediente, as persoas participantes nos cursos terán que facilitarlles unha copia das certificacións recibidas aos servizos de persoal do centro directivo ao cal estean adscritos.

9ª Facultades da EGAP.

a) A EGAP resolverá aquelas incidencias que poidan producirse no desenvolvemento e a xestión dos cursos, e pode suprimir algún, ampliar novas edicións da programación ou programar outros cursos diferentes cando así veña exixido por circunstancias que afecten á súa organización ou docencia, para o que informará ao grupo de traballo da Comisión Autónoma de Formación Continua. Así mesmo, correspóndelle á EGAP prover canto sexa necesario para a execución e cumprimento desta resolución.

A Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural poderá modificar o desenvolvemento dos cursos con fin de adaptalo ás necesidades da Administración, así como resolver as contingencias que poidan xurdir dando conta diso á EGAP.

b) A execución material das accións queda condicionada á existencia de crédito orzamentario axeitado e dispoñible e a autorización correspondente do gasto.

c) No suposto de que o número de admitidos sexa inferior ao 50% das prazas convocadas, a EGAP reserva para si o dereito a suspender, cancelar ou agrupar varias edicións das actividades, caso en que empregará os medios de notificación ás persoas interesadas previstos na normativa vixente.

ANEXO II

*Curso: Construción, Instalación e Equipamento dunha Biblioteca.

Código: LO09068.

Tipo: específico.

Área formativa: dirección e xerencia pública.

1.-Obxectivos.

Coñecer e adquirir a metodoloxía e os conceptos básicos necesarios para realizar unha programación espacial dunha biblioteca.

2.-Destinatarios.

Persoal ao servizo das bibliotecas da Rede de Bibliotecas de Galicia.

3.-Desenvolvemento.

Duración: 21 h.

Lugar e datas: aula EGAP. 7, 8 e 9 de setembro de 2009.

Horario: das 10.00 ás 14.00 h e das 16.00 ás 19.00 h.

Prazas: 25.

4. Contido.

-Introdución.

-Planificación e programación: -Metodoloxía. -Marco normativo. -Estándares ou pautas. - Ratios.

-Os espazos e os servizos: -Representacións gráficas. - Circulación. -Áreas de actividade.

-Aspectos clave no deseño e construción de novas bibliotecas: -Criterios básicos relacionados co proxecto arquitectónico. -Acondicionamento dos espazos.

-Organización interna: -A moblaxe. -Os equipamentos. -A ambientación ou decoración.

*Curso: Xestión de Comitecas.

Código: LO09069.

Tipo: específico.

Área formativa: dirección y gerencia pública.

1.-Obxectivos.

Integrar a banda deseñada como oferta cultural de valor propio.

Ofrecer orientación para o acceso aos materiais: adquisicións, enderezos e puntos de venda.

-Dar ideas para actividades arredor da banda deseñada nas bibliotecas.

2.-Destinatarios.

Persoal ao servizo das bibliotecas da Rede de Bibliotecas de Galicia.

3.-Desenvolvemento.

Duración: 24 h.

Lugar e datas: aula EGAP. 2, 3 e 4 de decembro de 2009.

Horario: das 9.00 ás 14.00 h e das 16.00 ás 19.00 h.

Prazas: 25.

4.-Contido.

-Historia e tipoloxía da banda deseñada.

-Linguaxe, estrutura e técnica da banda deseñada.

-A banda deseñada nas bibliotecas.

-Bibliografía, obras de referencia.

*Curso: A Xestión dos Proxectos nas Bibliotecas.

Código: LO09070.

Tipo: específico.

Área formativa: dirección e xerencia pública.

1.-Obxectivos.

Coñecer os aspectos máis salientables para ter en conta na xestión de proxectos.

2.-Destinatarios.

Persoal ao servizo das bibliotecas da Rede de Bibliotecas de Galicia.

Reservadas un 20% das prazas para as bibliotecas nodais, servizo de biblioteca e bibliotecas de Galicia.

3.-Desenvolvemento.

Duración: 15 h.

Lugar e datas: aula EGAP, 11 e 12 de novembro 2009.

Horario: das 9.00 ás 14.00 h.

Prazas: 25.

4.-Contido.

-Que é un proxecto e que elementos o caracterizan.

-A importancia dos proxectos nos servizos.

-O ciclo de vida dun proxecto: as súas distintas fases.

-As EDT.

-A xestión dos riscos.

-A estimación de custos e dedicacións.

-O control do proxecto.

-Os procedementos de calidade asociados aos proxectos.

-Os erros clásicos nos proxectos.

-Ferramentas de xestión de proxectos.

*Curso: Promoción da Lectura.

Código: LO09071.

Tipo: específico.

Área formativa: recursos materiais e tecnolóxicos.

1.-Obxectivos.

-Reflexionar arredor do que é e o que non é animación e promoción da lectura.

-Situación das prácticas de promoción da lectura nun marco teórico e conceptual que sirva de guía para orientar, ordenar e organizar a práctica.

-Reflexionar acerca do rol da biblioteca pública na promoción da lectura e comprender a necesidade de colaborar con outros axentes sociais.

-Coñecer algunhas das actividades máis habituais de promoción da lectura, os seus obxectivos, destinatarios, posibilidades de combinación de diferentes actividades e recursos en liña para o seu deseño.

-Coñecer os criterios de programación e organización.

2.-Destinatarios.

Persoal ao servizo das bibliotecas da Rede de Bibliotecas de Galicia, preferentemente alumnos que

asistisen ao curso As bibliotecas e os hábitos lectores.

3.-Desenvolvemento.

Duración: 14 h.

Lugar e datas: 14 e 15 de decembro de 2009.

Horario: das 10.00 ás 14.00 h e das 16.00 a 19.00 h.

Prazas: 25.

4.-Contido.

-A lectura que é? Valores e significación da lectura. Estudos acerca da lectura e a súa práctica. Panorama da lectura na sociedade actual.

-Animación e promoción da lectura. Conceptos e características.

-Misión da biblioteca pública na promoción da lectura. Liñas básicas de acción.

-Relación da biblioteca pública con outros ámbitos e axentes sociais na promoción da lectura.

*Curso: Deseño e Creación de Espazos Interiores en Bibliotecas.

Código: LO09072.

Tipo: específico.

Área formativa: dirección e xerencia pública.

1.-Obxectivos.

-Ser capaces de identificar as áreas funcionais dunha biblioteca e de conformar unha ambientación axeitada destas segundo o concepto de biblioteca pública como centro cultural.

-Recoñecer os principios básicos do deseño de interiores dunha biblioteca pública.

2.-Destinatarios.

Persoal ao servizo das bibliotecas da Rede de Bibliotecas de Galicia, preferentemente alumnos que asistisen ao curso Construción e instalación de bibliotecas.

3.-Desenvolvemento.

Duración: 14 h.

Lugar e datas: aula CMG 29 e 30 de outubro de 2009.

Horario: das 10.00 ás 14.00 h e das 16.00 ás 19.00 h.

Prazas: 25.

4.-Contido.

-Ferramentas da web 2.0 para colaboración. Xestión de información con ferramentas web 2.0. Integración de ferramentas web 2.0 en bibliotecas.

-Desenvolvemento de produtos e servizos orientados ao usuario. Bibliotecas e redes sociais.

*Curso: Ferramentas Colaborativas da Web 2.0.

Código: LO09073.

Tipo: específico.

Área formativa: proceso de traballo.

1.-Obxectivos.

Coñecer as características e os requirimentos das aplicacións da web 2.0.

Identificar posibilidades de uso para as bibliotecas e os seus usuarios.

Integrar as ferramentas web 2.0 nos servizos bibliotecarios.

2.-Destinatarios.

Persoal ao servizo das bibliotecas da Rede de Bibliotecas de Galicia.

Reservadas un 20% das prazas para as bibliotecas nodais, servizo de biblioteca e bibliotecas de Galicia.

3.-Desenvolvemento.

Duración: 20 h (12 presenciais + 8 h proxecto individual).

Lugar e datas: aula da EGAP os días 29 e 30 de setembro de 2009.

Horario: 1º día das 9.00 ás 14.00 h e das 16.00 ás 19.00 h; 2º día das 9.00 ás 13.00 horas.

Prazas: 25.

4.-Contido.

-Ferramentas da web 2.0 para colaboración.

-Xestión de información con ferramentas web 2.0.

-Integración de ferramentas web 2.0 en bibliotecas.

-Desenvolvemento de produtos e servizos orientados ao usuario.

-Bibliotecas e redes sociais.

*Curso: Os Mozos e as Bibliotecas: algo máis que unha relación casual.

Código: LO09074.

Tipo: específico.

Área formativa: recursos materiais e tecnolóxicos.

1.-Obxectivos.

Presentar liñas de traballo que axuden a establecer e cimentar a relación entre a biblioteca e o usuario adolescente.

2.-Destinatarios.

Persoal ao servizo das bibliotecas da Rede de Bibliotecas de Galicia.

3.-Desenvolvemento.

Duración: 12 h.

Lugar e datas: Santiago de Compostela, sede da EGAP, 27 e 28 de outubro de 2009.

Horario: das 9.00 ás 14.00 e das 16.00 ás 19.00 horas.

Prazas: 25.

4.-Contido.

-Introdución: O lector adolescente: peculiaridades e retos.

-Lecturas para mozos de hoxe.

-Lectura e mozos: propostas prácticas.

-A lectura no mundo dos bytes e internet.

*Curso: Xestión de Recursos Humanos I.

Código: LO09075.

Tipo: específico.

Área formativa: recursos humanos.

1.-Obxectivos.

Tomar conciencia do papel que xoga o liderado no desenvolvemento das organizacións e asuman o seu rol como dirixentes dun equipo.

Coñecer e incorporar as ferramentas fundamentais para exercer un liderado efectivo.

Desenvolver as competencias e habilidades básicas de comunicación, motivación e liderado de persoas e equipos.

2.-Destinatarios.

Persoal ao servizo das bibliotecas da Rede de Bibliotecas de Galicia.

Reservadas un 20% das prazas para as bibliotecas nodais, servizo de biblioteca e bibliotecas de Galicia.

3.-Desenvolvemento.

Duración: 14 h.

Lugar e datas: Santiago de Compostela os días 10 e 11 de setembro de 2009.

Horario: das 10.00 ás 14.00 h e das 16.00 ás 19.00 h.

Prazas: 25.

4.-Contido.

-Os roles do dirixente.

-Concepto de liderado. Diferencia xefe-líder.

-Características e funcións básicas do líder.

-Concepto de autoridade e poder. Tipos de poder.

-Estilos de mando e os seus efectos sobre as persoas.

-O liderado situacional.

-Condutas do líder enfocadas á tarefa e ás relacións.

-A retroalimentación, elemento imprescindible.

-Que é e cómo se activa a motivación.

-Dos conceptos ás estratexias, prácticas para motivar.

*Curso: Xestión da Colección e Expurgación.

Código: LO09076.

Tipo: específico.

Área formativa: proceso de traballo.

1.-Obxectivos.

-Eliminar as trabas, superar reticencias, amosar as vantaxes do proceso de expurgación e axudar os profesionais a fixar criterios para unha expurgación sistemática das coleccións que xestionan.

2.-Destinatarios.

Persoal ao servizo das bibliotecas da Rede de Bibliotecas de Galicia.

3.-Desenvolvemento.

Duración: 25 h en liña.

Datas: do 30 de outubro ao 30 de novembro de 2009.

Prazas: 25.

4.-Contido.

-Algúns consideracións arredor da colección:

*O espazo físico, o persoal e os servizos.

*O desenvolvemento da colección:

-O contorno.

-A comunidade de usuarios.

-Uso da colección.

-A expurgación:

*Ante unha nova realidade.

*Definición e concepto de expurgación.

*Vantaxes da expurgación.

*Causas para a súa realización.

*Procedemento.

*Criterios.

*Proceso de desafectación.

*Curso: Arquitectura da Información.

Código: LO09077.

Tipo: específico.

Área formativa: dirección e xerencia pública.

1.-Obxectivos.

Introducir os principios teóricos da AI e a Usabilidade, a súa xustificación e necesidade.

2.-Destinatarios.

Persoal ao servizo das bibliotecas da Rede de Bibliotecas de Galicia.

Reservadas un 20% das prazas para as bibliotecas nodais, servizo de Bibliotecas e Biblioteca de Galicia.

3.-Desenvolvemento.

Duración: 12 h.

Lugar e datas: aula da EGAP, os días 10 e 11 de decembro de 2009.

Horario: de 10:00 a 14.00 e de 16.00 a 19.00 horas.

Prazas: 20.

4.-Contido.

-Conceptos fundamentais da experiencia do usuario: usabilidade, accesibilidade, utilidade, satisfacción, motivación, estética, encontrabilidade e deseño centrado no usuario.

-O Usuario: necesidades de información e estratexias de acceso e recuperación de información.

-Deseño de arquitecturas de información: indicación, descrición, categorización e ordenación de contidos. Taxonomías e clasificación facetada.

-Deseño de interacción: árbores de contido e diagramas de fluxo de interacción.

-Deseño de Interfaces: principios de deseño de información e elaboración de wireframes.

-Arquitecturas de información centradas no usuario: técnicas de free-listing e card-sorting.

-Arquitecturas de información 2.0: *Tagging* e folksonomías. *Tag-Clouds* e modelos alternativos de visualización de información.

*Curso: As Bibliotecas Dixitais.

Código: LO09078.

Tipo: específico.

Área formativa: proceso de traballo.

1.-Obxectivos.

-Coñecer os elementos clave das bibliotecas dixitais: características técnicas e contido.

-Dispoñer de ferramentas e criterios para levar a cabo unha selección dos recursos que as constitúen.

-Coñecer en profundidade os recursos que forman parte da Biblioteca Dixital da Rede de Bibliotecas de Galicia.

2.-Destinatarios.

Persoal ao servizo das bibliotecas da Rede de Bibliotecas de Galicia.

3.-Desenvolvemento.

Duración: 20 h. en liña.

Lugar e datas: plataforma virtual, do 1 ao 30 de outubro de 2009.

Prazas: 25.

4.-Contido.

-Bibliotecas dixitais: definición, características, elementos.

-Análise de exemplos.

-Principais provedores de recursos. Criterios de avaliación e selección.

-A Biblioteca Dixital da Rede de Bibliotecas de Galicia :

Obxectivos.

Primeiros pasos.

Situación actual.

*Curso: As Bibliotecas e os Hábitos Lectores.

Código: LO09079.

Tipo: específico.

Área formativa: recursos materiais e tecnolóxicos.

1.-Obxectivos.

Descubrir que é o proceso lector, como podemos acompañalo e con quen. Descubrir a función educadora da lectura e o que é unha biblioteca educadora.

2.-Destinatarios.

Persoal ao servizo das bibliotecas da Rede de Bibliotecas de Galicia.

3.-Desenvolvemento.

Duración: 12 h.

Lugar e datas: Santiago de Compostela, sede da EGAP, os días 26 e 27 de novembro de 2009.

Horario: das 9.00 ás 14.00 e das 16.00 ás 19.00 horas.

Prazas: 25.

4.-Contido.

-Principios de animación. Conceptos básicos arredor da lectura e a súa práctica.

-A función educativa da biblioteca e a dinamización lectora.

-Animación e familia.

-A bebeteca.

-Programas de animación con prelectores e nenos.

*Curso: Técnicas Avanzadas de Indicación Analítica e de Resumo de Documentos.

Código: LO09080.

Tipo: específico.

Área formativa: proceso de traballo.

1.-Obxectivos.

Visión das técnicas de indicación e resumo e a súa importancia na recuperación da información.

2.-Destinatarios.

Persoal ao servizo das bibliotecas da Rede de Bibliotecas de Galicia.

3.-Desenvolvemento.

Duración: 20 h. (8 teóricas e 12 prácticas).

Lugar e datas: Santiago de Compostela, sede da EGAP os días 9 e 10 de novembro de 2009.

Horario: das 10.30 ás 14.30 h, a parte presencial.

Prazas: 20.

4.-Contido.

-Proporcionar os parámetros intelectuais e as ferramentas para a elaboración de resumos e para indexar.

-Coñecer a utilidade dos tesauros, sobre todo nalgunhas bibliotecas.

-Procurar que os profesionais das bibliotecas fagan uso dun xeito rendible das súas habilidades á hora de construír un resumo, de extraer as palabras clave e logo de asignar descritores.

-Evidenciar as diferenzas entre realizar resumos de artigos, de prensa e de libros.

*Curso: Recursos Electrónicos: Catalogación, Normalización e Proceso Técnico.

Código: LO09081.

Tipo: específico.

Área formativa: proceso de traballo.

1.-Obxectivos.

Ofrecerase unha visión profesional sobre os recursos electrónicos, a súa problemática, a súa tipoloxía, a normativa e formato máis utilizados para a súa catalogación e as modificacións que orixina a súa xestión nas tarefas de proceso técnico das bibliotecas.

2.-Destinatarios.

Persoal ao servizo das bibliotecas da Rede de Bibliotecas de Galicia.

3.-Desenvolvemento.

Duración: 45 h. en liña.

Datas: do 2 ao 30 de novembro de 2009.

Prazas: 25.

4.-Contido.

-Necesidade de normalización nos catálogos automatizados aplicada aos recursos electrónicos.

-Tipoloxía e análise documental dos recursos electrónicos.

-Normativa máis empregada na catalogación de recursos electrónicos.

-Descrición bibliográfica de recursos electrónicos.

-Revistas electrónicas.

-Incidencia das novas tecnoloxías nas tarefas de proceso técnico.

-Casos prácticos de catalogación e proceso técnico de recursos electrónicos.

*Curso: Ferramentas Web 2.0 na Rede de Bibliotecas de Galicia: Metabuscaador, Recursos Oai, Opacs Cognitivos, *Browsing* e *Clustering*, *Koha*, Portal Infantil.

Código: LO09082.

Tipo: específico.

Área formativa: proceso de traballo.

1.-Obxectivos.

Mostrar as ferramentas que posibilitan funcionalidades de biblioteca web 2.0.

Mostrar os procedementos e os procesos técnicos necesarios para implantar ditas ferramentas.

2.-Destinatarios.

Persoal ao servizo das bibliotecas da Rede de Bibliotecas de Galicia.

3.-Desenvolvemento.

Nº de edicións: cinco.

Duración: 15 h por edición.

Lugares e datas: Santiago de Compostela, sede da EGAP os días 16 e 17 de setembro; A Coruña, os días 23 e 24 de setembro; Lugo, os días 8 e 9 de outubro; Ourense, os días 1 e 2 de decembro e Pontevedra, os días 4 e 5 de novembro de 2009.

Horario: 1º día: das 9.00 ás 14.00 e das 16.00 ás 19.00 horas.

2º día: das 10.00 ás 14.00 e das 16.00 ás 19.00 horas.

Prazas: 25 por edición.

4.-Contido.

-O usuario e a recuperación da información (RI). O usuario de biblioteca pública.

-A busca de información fronte ao *browsing* e o *clustering*.

-Catálogos colectivos e/ou metabuscadores.

-Proceso técnico e RI: o usuario como referente.

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 6 de xullo de 2009 pola que se lles dá publicidade aos avais concedidos polo Instituto Galego de Promoción Económica.

O artigo 13.2º do Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais do Instituto Galego de Promoción Económica, establece que aos avais concedidos polo Igape se lles dará publicidade no *Diario Oficial de Galicia*.

En virtude do exposto anteriormente,

RESOLVO:

Un.-Darles publicidade aos avais concedidos polo Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape):

Empresa beneficiaria	Euros	Data de concesión
Grupo Támeiga, S.L.	2.240.000	8-2-2008
Géneros de Punto Iván, S.L.	2.352.000	28-3-2008
Talleres Carral, S.L.	1.120.000	25-4-2008
Loitamar Sociedade Cooperativa Galega	210.000	25-4-2008
Cerámica Domínguez del Noroeste, S.A.	1.700.000	11-7-2008
Isidro de la Cal-Fresco, S.L.	3.150.000	28-7-2008
Materiales Cerámicos, S.A.	1.750.000	28-7-2008
Dygra Films, S.L.	1.500.000	28-7-2008
Hidrofersa Fábrica de Chavín, S.A.	1.050.000	28-7-2008
Pesquerías Comunidad Andaluza, S.A.	700.000	23-9-2008
Talleres Anbla, S.L.	630.000	23-9-2008
Naviera de Galicia, S.A.	8.860.000	31-10-2008
Transmonbús, S.L.	6.000.000	31-10-2008
Indeport, S.L.	1.330.000	28-11-2008
Conservas y Elaborados Guau, S.A.	700.000	28-11-2008
Gráficas del Noroeste, S.A.	700.000	28-11-2008
Géneros de Punto Montoto, S.A.	3.000.000	19-12-2008
MGI Coutier España, S.L.U.	2.800.000	19-12-2008
Feiraco, S. Coop. Gallega	2.100.000	19-12-2008
Viza Automoción, S.A.U.	2.100.000	19-12-2008
Lanera Galicia, S.L.	1.561.000	19-12-2008
Industrias Pizarreras García Aguado, S.L.	1.470.000	19-12-2008
Puerto de Celeiro, S.A.	12.800.000	2-2-2009
Roberto Verino Difusión, S.A.	11.550.000	2-2-2009
Maderas Iglesias, S.A.	5.200.000	2-2-2009
Pumade, S.A.	3.080.000	2-2-2009
Promotora Industrial Sadense, S.A.	2.450.000	2-2-2009
Granitesa, S.A.	2.268.000	2-2-2009
Industrias González, S.L.	2.240.000	2-2-2009
Cometal Inpesa, S.L.	2.000.000	2-2-2009
M.F. Matadero Frigorífico de Montellos, S.A.	1.820.000	2-2-2009
Granipec España, S.L.	1.120.000	2-2-2009
Grupo Empresarial Isidro de la Cal, S.L.	11.500.000	23-3-2009
Grupo Copo de Inversiones, S.A.	10.860.000	23-2-2009
Inversiones e Infraestructuras Atlante, S.L.	7.000.000	23-3-2009
Bernardo Alfigame, S.A.	6.003.000	23-3-2009
Frigoríficos Conchado, S.A.	3.990.000	23-2-2009
Fomento de Áridos y Obras, S.L.	3.080.000	23-2-2009
Construcciones Navales Freire, S.A.	2.700.000	23-2-2009
Espina Obras Hidráulicas, S.A.	2.394.000	23-2-2009
Astilleros M. Cies, S.L.	2.100.000	23-2-2009